



**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E ANUNCIO DATA DE EXAME DO PROCESO SELECTIVO PARA COBERTURA 4 PRAZAS DE PEÓN DO CONCELLO DE CORISTANCO DENTRO DO PROGRAMA PEL CONCELLOS 2024.**

**ANTECEDENTES:**

O 07.03.2024 publícase no BOP Coruña a convocatoria do proceso de selección para 4 peóns de servizos básicos, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción ao abeiro do Programa de Emprego Local da Deputación Provincial de A Coruña (PELConcellos 2024)

O 18.03.2024 publícase a listaxe provisional de admitidos e excluídos no dito proceso de selección e ábrese un prazo de 3 días laborais para a presentación de alegacións contra a dita listaxe.

O 20.03.2024 Generoso Costa Pena, aspirante excluído na listaxe de admitidos e excluídos presenta escrito de alegacións (RE. N° 20240000000802).

O 26.03.2024 emítase informe xurídico sobre as alegacións presentadas que ten o seguinte contido literal:

**"INFORME**

**Alegacións listaxe de admitidos e excluídos**

*En relación co expediente relativo a proceso de selección de persoal laboral no eido do Programa de Emprego Local da Deputación da Coruña PELConcellos 2024, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base aos seguintes,*

**ANTECEDENTES**

*O 07.03.2024 publícase no BOP Coruña a convocatoria do proceso de selección para 4 peóns de servizos básicos, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción ao abeiro do Programa de Emprego Local da Deputación Provincial de A Coruña (PELConcellos 2024)*

*O 18.03.2024 publícase a listaxe provisional de admitidos e excluídos no dito proceso de selección e ábrese un prazo de 3 días laborais para a presentación de alegacións contra a dita listaxe.*

*O 20.03.2024 Generoso Costa Pena, co DNI 79.336.818-C, (RE. N° 20240000000802) aspirante excluído na listaxe de admitidos e excluídos presenta escrito de alegacións que ten o seguinte contido literal:*



**D. GENEROSO COSTA PENA con D.N.I. n.º 79.336.818-C con domicilio Lgar Buxan n.º29 - Seavia C.P. 15147 Localidade Coristanco e teléfono de contacto 629 73 52 88**

**EXPÓN:**

Que en data 12/03/2024 e núm. de rexistro de entrada 20240000000675, presento solicitude para participar na Convocatoria do proceso selectivo para 4 Peóns de servizos básicos, por un prazo de duración o contrato de sete (7) meses dende a contratación, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción a xornada completa (contrato 405), publicado no BOP 48 de data 07/03/2024

En data 15/03/2024, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, publicase a resolución de alcaldía da aprobación da lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos do proceso selectivo para 4 Peóns de servizos básicos.

Nesta lista provisional publicada aparezo como excluído, debido a que non reuno ningún dos requisitos da Base 3ª letra h)

**Alego** que no actualidade non percibo ningún tipo de ingreso ou prestación nin do SEPE nin da seguridade social.

**Adxunto:**

- Certificados do SEPE de data 04/03/2024 e de data 20/03/2024
- Certificado da Seguridade Social

**SOLICITA:** sexa admitida a miña alegación e polo tanto admitido no proceso selectivo .

Data, D.N.I. e asina do/a aspirante:  
Coristanco, 20 de marzo de 2024

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Os artigos 9, 26 a 28, 44, 49 a 51, 54 a 59 e 63 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Os artigos 11, e 55 a 61 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia.
- A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91, e 103 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- O artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, do 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3).
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- Bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PELConcellos 2024), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local (BOP núm 206 do 27.10.2024)
- Bases xerais e específicas para a selección de traballadores dentro do Programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos municipais da Deputación da Coruña (PELConcellos 2024).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**ÚNICO.- CONTESTACIÓN Á ALEGACIÓN**

A Deputación Provincial da Coruña convocou as Bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PELConcellos 2024), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local (BOP núm 206 do 27.10.2024)

O Concello de Coristanco resultou beneficiario das ditas achegas e aprobou as bases de convocatoria do proceso de selección para 4 peóns de servizos básicos, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción ao abeiro do dito Programa.

As Bases reguladoras das axudas de Deputación dispoñen no apartado 4.2 o seguinte no tocante aos requisitos do persoal a contratar:

*“As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou no caso de existencia de listas anteriores na data da convocatoria e atoparse nalguna das seguintes situacións de exclusión laboral:*

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.



- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar."

Pola súa banda as Bases aprobadas polo Concello de Coristanco establecen os mesmos requisitos para a contratación do persoal, así a Base Terceira dispón:

"h) Segundo os destinatarios aos que vai dirixido o programa e conforme ao establecido no apartado 4.2 das PELConcellos 2024 se debe reunir ao menos un dos seguintes requisitos:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes. (Acreditarase mediante o DNI ou equivalente)
- Maiores de 45 anos. (Acreditarase mediante o DNI ou equivalente)
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego. (Acreditarase mediante achega do informe ou certificado expedido pola oficina de emprego que o acredite)
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. (A acreditación da discapacidade realizarase mediante certificado oficial.)
- Persoas en situación de drogodependencia. (A acreditación deste requisito realizarase mediante informe dos Servizos Sociais.)
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego. (A acreditación deste requisito realizarase mediante achega de certificado da oficina de emprego xunto co certificado de empadronamento)
- Persoas con fogar monoparental. (A acreditación deste requisito realizarase mediante certificado de empadronamento e libro de familia.)
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. (A acreditación deste requisito realizarase mediante informe dos Servizos Sociais)
- Persoas vítimas de violencia de xénero. (A acreditación deste requisito realizarase mediante informe dos Servizos Sociais)
- Persoas sen fogar. (A acreditación deste requisito realizarase mediante informe dos Servizos Sociais)"

Logo na base Cuarta indícase o seguinte no tocante a documentación a achegar coa solicitude de participación:

#### CUARTA. SOLICITUDES.

4.1.- Quenes desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar na instancia adxunta ás presentes bases. As instancias dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Coristanco, presentándose no Rexistro xeral do Concello, en horas de oficina e durante o prazo de 4 días laborais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria na sede electrónica do Concello, <https://sede.coristanco.gal/sxc/es/informacion/tablon/> previa publicación das bases da convocatoria no BOP. En todo caso, a presentación de instancias deberá realizarse por calquera dos medios establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A publicación nos medios sinalados non excluírá o emprego doutros medios de comunicación social complementarios e opcionais para obter unha maior difusión.

4.2.- A instancia acompañarase de:

1. Fotocopia do D.N.I. (no seu defecto, resguardo do D.N.I. ou pasaporte).

Quenes non posúan a nacionalidade española acompañarán á solicitude os seguintes documentos:

Os estranxeiros que residan en España, fotocopia compulsada do correspondente documento de identidade ou pasaporte e da tarxeta de residente comunitario ou de familiar residente comunitario en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea, ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que non residan en España, ben por residir no estranxeiro ou por encontrarse en España en réxime de estancia, deberán presentar fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares das persoas anteriores deberán presentar fotocopia compulsada do pasaporte, do visado e, no seu caso, do resguardo de solicitar a correspondente tarxeta ou do resguardo de solicitar a exención de visado e a correspondente tarxeta. De non ter solicitados estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa da persoa española ou nacional da Unión Europea, ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo con quen existe un vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que el ou a aspirante vive a súas expensas ou está a seu cargo.

2. Fotocopia da titulación requirida para o acceso ao posto.

3. Fotocopia dos documentos acreditativos ter rematado favorablemente programas de capacitación. Formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas relativos á área de coñecemento da praza á que se presenten.

4. Fotocopia do xustificante de ser demandante de emprego.

#### **5. Documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos na Base Terceira.**

6- Declaración xurada específica dos seguintes requisitos:

\* Cumprimento do establecido na Base 3ª, apartado d), é dicir, non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas

\* Cumprimento do establecido na Base 3ª, apartado e), é dicir, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme

\* Non estar incurso en incompatibilidade, de acordo co establecido Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou no caso de incorrer en algunha incompatibilidade declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións.

Estas declaracións por separado poderanse substituír pola declaración conxunta contida no Modelo de Instancia adxunto ás presentes Bases (Anexo I).

En cumprimento do establecido na súa normativa específica estableceranse para os aspirantes con minusvalías que o soliciten, as adaptacións



posibles de tempo e medios para a realización das probas. Asemade, os interesados deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación. A tal efecto os Tribunais poderán requirir informe e, no seu caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración Laboral, sanitaria ou dos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Sociais.

DOCUMENTACIÓN.

As persoas que non acrediten cumprir os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo serán excluídos do proceso de selección, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade.

Co gallo da aprobación da listaxe de admitidos e excluídos o Concello comprobou a acreditación destes requisitos da Base Terceira en todos os aspirantes.

O alegante non remitiu a documentación que acreditara que cumpre con algunha das situacións previstas na convocatoria, por este motivo foi excluído do proceso de selección.

Durante o prazo de alegacións, o alegante presenta escrito no que, en resumo, alega que "na actualidade non percibo ningún tipo de ingreso ou prestación nin do SEPE ni da seguridade social" e achega Certificados acreditativos da dita situación.

A vista das base Terceira da convocatoria esta situación de non percepción de ningunha prestación ou ingreso por parte do SEPE ou da seguridade social non é un requisito para a contratación do persoal con cargo a este programa, polo que o interesado non achegou ningún documento que acredite o cumprimento da Base Terceira debendo desestimarse a súa alegación.

En virtude do que antecede, considérase que a seguinte proposta se adecua á lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación á Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Desestimar a alegación presentada por Generoso Costa Pena, co DNI 79.336.818-C, nº RE. 202400000000802 contra a listaxe provisional de admitidos e excluídos do proceso de selección para 4 peóns de servizos básicos, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción ao abeiro do Programa de Emprego Local da Deputación Provincial de A Coruña (PELConcellos 2024) por non ter acreditado o cumprimento dos requisitos da contratación previstos na Base Terceira h) da convocatoria.

**SEGUNDO.** Elevar a definitiva a relación de aspirantes admitidos e excluídos:

ADMITIDOS:

DNI/NIE	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
***3262**	ABELENDIA	GARCIA	PERFECTO
***5582**	LOPEZ	PAZOS	JESÚS
***5838**	GARCIA	VARELA	JOSÉ MANUEL
***6191**	GARCIA	CAMAFREITA	MONTSERRAT
***4177**	ROJO	GARCIA	ROSA MARIA
***1111**	LUIS	LINARES	JOSÉ FRANCISCO
***5554**	AMARELLE	GERPE	CARMEN
***6919**	OUSINDE	EIROA	JOSÉ ANTONIO
***3498**	PENSADO	RECAREY	ANA VANESA
***2692**	GONZALEZ	SANCHEZ	JOSÉ ANTONIO

EXCLUÍDOS:

DNI/NIE	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	Motivo
***3681**	COSTA	PENA	GENEROSO	Non reúne ningún dos requisitos da Base 3ª



**TERCEIRO.** Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

Presidenta: Elena González López, Secretaria-interventora do Concello de Sober Secretaria acumulada do Concello de Coristanco.  
Suplente: Jacobo Rayón Cedeira, Secretario-interventor do Concello de Fornelos de Montes.

Secretaria: M<sup>a</sup> Dolores Andrade Amigo, administrativa do Concello de Coristanco  
Suplente: María del Carmen Martínez Muñiz, auxiliar administrativo do Concello de Coristanco.

Vocal 1: Marta Marín Gracia, Interventora do Concello de Coristanco.  
Suplente: Pilar López Leira, administrativo do Concello da Coristanco.

Vocal 2: Carlos Tasende Antelo, arquitecto técnico do Concello de Coristanco.  
Suplente: Patricia García Varela, arquitecto técnico do Concello de Laracha

Vocal 3: Marcos Porteiro Pensado, operario de servizos múltiples do Concello de Coristanco.  
Suplente: Ignacio Pensado González, operario de servizos múltiples do Concello de Coristanco.

Contra estes nomeamentos poderá promoverse recusación nos termos previstos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-.

**CUARTO.** A realización do exercicio da fase de oposición terá lugar:

**Lugar:** praza do Edificio de Servizos múltiples do Concello de Coristanco, debendo portar os aspirantes a documentación identificativa.  
**Día e Hora:** 1 de Abril de 2024 ás 10 horas.

**QUINTO.** Publicar na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.coristanco.gal/sxc/es/>] e, no Taboleiro de Anuncios a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, e a data de convocatoria para o primeiro exercicio.

**SEXTO.** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que celebre.

**SÉTIMO.** Esta resolución é un acto de trámite cualificado contra o que poderá, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso. Así mesmo, contra a resolución cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Igualmente advírteselle a posibilidade de interposición de calquera outro recurso que estime pertinente (art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

Con todo, a Corporación acordará o que estime pertinente."

En virtude do que antecede, en uso das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Desestimar a alegación presentada por Generoso Costa Pena, co DNI 79.336.818-C, n.º RE. 202400000000802 contra a listaxe provisional de admitidos e excluídos do proceso de selección para 4 peóns de servizos básicos, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción ao abeiro do Programa de Emprego Local da Deputación Provincial de A Coruña (PELConcellos 2024) por non ter acreditado o cumprimento dos requisitos da contratación previstos na Base Terceira h) da convocatoria.

**SEGUNDO.** Elevar a definitiva a relación de aspirantes admitidos e excluídos:

#### ADMITIDOS:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



DNI/NIE	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
***3262**	ABELENDIA	GARCIA	PERFECTO
***5582**	LOPEZ	PAZOS	JESÚS
***5838**	GARCIA	VARELA	JOSÉ MANUEL
***6191**	GARCIA	CAMAFREITA	MONTSERRAT
***4177**	ROJO	GARCIA	ROSA MARIA
***1111**	LUIS	LINARES	JOSÉ FRANCISCO
***5554**	AMARELLE	GERPE	CARMEN
***6919**	OUSINDE	EIROA	JOSÉ ANTONIO
***3498**	PENSADO	RECAREY	ANA VANESA
***2692**	GONZALEZ	SANCHEZ	JOSÉ ANTONIO

**EXCLUÍDOS:**

DNI/NIE	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	Motivo
***3681**	COSTA	PENA	GENEROSO	Non reúne ningún dos requisitos da Base 3ª letra h)

**TERCEIRO.** Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

Presidenta: Elena González López, Secretaria-interventora do Concello de Sober Secretaria acumulada do Concello de Coristanco.

Suplente: Jacobo Rayón Cedeira, Secretario-interventor do Concello de Fornelos de Montes.

Secretaria: Mª Dolores Andrade Amigo, administrativa do Concello de Coristanco

Suplente: María del Carmen Martínez Muñiz, auxiliar administrativo do Concello de Coristanco.

Vocal 1: Marta Marín Gracia, Interventora do Concello de Coristanco.

Suplente: Pilar López Leira, administrativo do Concello da Coristanco.





Vocal 2: Carlos Tasende Antelo, arquitecto técnico do Concello de Coristanco.  
Suplente: Patricia García Varela, arquitecto técnico do Concello de Laracha

Vocal 3: Marcos Porteiro Pensado, operario de servizos múltiples do Concello de Coristanco.  
Suplente: Ignacio Pensado González, operario de servizos múltiples do Concello de Coristanco.

Contra estes nomeamentos poderá promoverse recusación nos termos previstos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-.

**CUARTO.** A realización do exercicio da fase de oposición terá lugar:

**Lugar:** praza do Edificio de Servizos múltiples do Concello de Coristanco, debendo portar os aspirantes a documentación identificativa.

**Día e Hora :** 1 de Abril de 2024 ás 10 horas.

**QUINTO.** Publicar na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.coristanco.gal/sxc/es/>] e, no Taboleiro de Anuncios a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, e a data de convocatoria para o primeiro exercicio.

**SEXTO.** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que celebre.

**SÉTIMO.** Esta resolución é un acto de trámite cualificado contra o que poderá, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso. Así mesmo, contra a resolución cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Igualmente advérteselle a posibilidade de interposición de calquera outro recurso que estime pertinente (art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

Coristanco, na data da sinatura electrónica  
O Alcalde  
Juan Carlos García Pose